



Universidad Nacional de Rosario



ROSARIO, 17 SET. 2009

VISTO el expediente n° 64981 y agrs. relacionado con el Acuerdo Específico suscripto entre Universidad de Santiago de Compostela de España, y la Universidad Nacional de Rosario, el 28 de marzo de 2008, y

CONSIDERANDO:

Que ambas Instituciones establecerán una colaboración entre el Área de Derecho Internacional Público y Relaciones Internacionales de la USC y la cátedra B de Derecho Internacional Público y Relaciones Internacionales de la Universidad Nacional de Rosario.

Atento el informe C.Pr.n° 320/08/1092 de la Dirección General de Contabilidad y Presupuesto y la providencia de Asesoría Jurídica del 6 de agosto del 2008.

Teniendo en cuenta la intervención de las Secretarías Privada, Académica, Economía y Finanzas y Relaciones Internacionales.

Por ello,

EL RECTOR DE LA UNIVERSIDAD NACIONAL DE ROSARIO

RESUELVE:

ARTICULO 1°.- Aprobar el Acuerdo Específico suscripto entre Universidad de Santiago de Compostela de España, y la Universidad Nacional de Rosario, el 28 de marzo de 2008, que forma parte de la presente.

ARTICULO 2°.- Inscribase, comuníquese y archívese.

RESOLUCION N° 2812/2009

va

Prof. Odont. HECTOR DARIO MASIA
SECRETARIO GENERAL
UNIVERSIDAD NACIONAL de ROSARIO

Prof. DARIO MAIGRANA
Rector

**ACORDO ESPECÍFICO Ó CONVENIO ENTRE
A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ESPAÑA) E A
UNIVERSIDAD NACIONAL DE ROSARIO (ARXENTINA)**

REUNIDOS

Dunha parte, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) con CIF 1518001A, e domicilio na Praza de Obradoiro s/n, CP15782, Santiago de Compostela.

E, doutra parte, a Universidad Nacional de Rosario (en adiante UNR) con sede en C/ Córdoba 1.814, 2000 Rosario.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A USC e a UNR son institucións públicas dotadas de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asumen e desenvolven as súas funcións con plena autonomía nos ámbitos da docencia e investigación, contribuindo ó apoio científico e técnico do desenvolvemento social, educativo, cultural e económico das súas respectivas rexións.

SEGUNDO.- Ambas institucións, en aplicación do Convenio xeral suscrito o 31 de outubro de 1996, deciden subscribir un Acordo específico que se une como anexo a este Convenio xeral, e con suxección ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As Facultades de Dereito de Santiago de Compostela y Nacional de Rosario, en atención á foitífera relación existente entre a Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais (USC) e a Cátedra B de Derecho Internacional Público y Relaciones Internacionales (UNR), e dado o especial interese manifestado por ambas de formalizar esta relación dentro das súas respectivas Universidades, proceden a establecer un marco permanente de cooperación académica, docente e investigadora sobre a base do mutuo respecto.

SEGUNDA.- Este marco de cooperación permanente, nacido do apoio brindado pola Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) a través de diversas iniciativas --Proxecto Conxunto de Investigación (A/1487/04) e Acción Complementaria (C/6077/06)--, comprende o intercambio de docentes, investigadores e alumnos, a realización de proxectos conxuntos de docencia e investigación e as demais actividades relacionadas de colaboración (xornadas, coloquios, seminarios, publicacións, etc.) que acorden as partes.

Considérase prioritario o intercambio respecto dos Cursos de Especialización que veñan desenvolvemento ou teñan previsto desenvolver a Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais (USC) e a Cátedra B de Derecho Internacional Público y Relaciones Internacionales (UNR).

TERCEIRA.- No caso de cursos de Especialización e de Programas Conxuntos de Docencia con mobilidade de estudantes, establécese o mutuo reconecemento de créditos segundo os criterios académicos correspondentes en cada unha das Universidades Parte. Cada universidade comprométese a enviar á outra unha certificación na que consten os créditos realizados polo alumno e a calificación obtida nos mesmos.

Unha vez finalizados estes Cursos ou Programas, se os estudantes que participaron desexan continuar un programa para obter un grao ou título na Universidade de destino, deberanse someter ós requisitos e normas para ser admitidos na Universidade en cada programa concreto. Ademais, deberán aboar todas as taxas aplicables esixidas ós estudantes extranxeiros matriculados.

CUARTA.- Este Acordo non xera por si mesmo ningún compromiso financeiro a cargo das respectivas Universidades, salvo o relativo ó que xa ven sendo usual en relación co aloxamento e mantenza dos docentes visitantes, de conformidade co réxime establecido en cada Universidade.

Os gastos de viaxe, residencia e mantenza dos estudantes correrán a cargo destes. A Universidade de destino procurará facilitarlles un cuarto en residencias universitarias se o solicitan expresamente e se resulta posible. Cada estudante deberá subscribir pola súa conta un seguro destinado a cubrir calquera continxencia sanitaria que poida xurdir no país de destino.

Os participantes dos intercambios poderán aproveitar as axudas económicas que, con carácter xeral, outorgue cada Universidade ou outras institucións ou particulares (bolsas de viaxes), así como tamén as subvencións a cargo de proxectos de mobilidade específicos.

QUINTA.- Establécese un Coordinador responsable en cada Universidade que supervise e dirixa as actividades que se desenvolvan ó abeiro deste Protocolo.

Os Coordinadores estarán en contacto regularmente co fin de apoiar este marco de cooperación permanente.

SEXTA.- Este Protocolo específico surtirá efecto a partir do día seguinte á súa sinatura e renovarase automaticamente de non ser solicitado o seu remate por calquera das partes.




Ambas partes resérvanse o dereito de dar por concluído este Acordo mediante comunicación escrita enviada con seis meses de antelación.


A solicitude de remate do referido Protocolo non afectará ás accións en curso que se estean a desenvolver no marco do Protocolo.

E para que así conste, en proba de conformidade co disposto neste Protocolo

Anexo, as partes autorizadas asinan o presente documento en catro exemplares idénticos, dous en castelán e dous en galego, previa lectura e ratificación no lugar e data consignados.

Santiago de Compostela, a 28 de marzo de 2008.




Pola Universidade de Santiago de
Compostela


Pola Universidad Nacional de
Rosario